


# José Vázquez (a) O Chiquito<sup>(1)</sup>

FERNANDO GARCIA ACUÑA

José Vazquez (a) O Chiquito.



Con pelos é señás,  
puntos é comas, tal coal  
chegou á meus oídos vou  
á contal-a bestoria d' es-  
te vello á quem ó pobo

de Betanzos, é á Mariña enteira, tivo e terá  
mentras viva, com' o home mais churrus-  
queiro é de bon humor que pod' haber.

Si preguntades por Vasques n' as Mariñas, diranvos que non-o distinguen, porque  
moitos son os Vasques que hay pol-ó mun-  
do; agora si preguntades pol-o Chiquito, ou  
pol-o sobriño d' a Tia Carabillas, n' habrá  
can nin gato que non vos dé 'noticia d' a  
sua presoa.

Fálase d' O Chiquito en Betanzos como se  
fala en certos pobos d' Italia d' o conteiro  
d' os contos, ó nomeado *Boccaccio*, d' ese  
home qu' á sua vida era unha chea de mi-  
lagrierias n' o arte d' a adiversion, e onde  
cada minuto d' a sua eisistencia levaba co-  
el á meiciña d' alegria é d' o regocixo.

Punto menos eravos, é vos é, José Vaz-  
quez, á quien chaman de mal nome O Chiquito,  
sobriño carnal d' Tia Carabillas, vici-  
ña d' a Riveira de Betanzos.

Naceu o home d' a miña bestoria en Be-  
tanxos n' o mes d' as Castañas d' o ano 1827;  
conta pol-o tanto uns 60 é un anos pol-a  
medida d' o país—qu' e pequena—An di-  
vo n' a escola como calquer fillo de veciño,  
pero n' estas escolas ond' andan emborca-  
llados os rapaces c' as rapazas posto qu' a  
mayestra non levaba senon doce cartos por  
cabeza.

Probe, feito un pillaban, sin zocas nin  
zapatos, cheo de fains com' un limosneiro,  
vistin'-lose á sua conta, é c-o algo que lle  
dab' á tia *Carabillas*, pasou seus millores  
anos O Chiquito, sen'l ó raposo d' as hortas  
d' o Frade e Carregal, que considerou co-  
mo suas como si fora un principal xefe so-  
cialista, ou d' eses que pedrigan á repartita  
é chamanlle ronho á propiedá. E é mais  
un burro que mercara por nove reas, eran  
dous amigos—salvo á comparanza.—

Aprendeu ó oficio de zapateiro, pero nun  
ca soupo mais que dar un pouco de beturi  
con cùspes, como sé forá un mal noés.

Así com' o Bertoldo d' o conto que atopou albre dond' aforcarse, ó mesmo  
nou atopou oficio qu' adeprender, hastas  
que por fin é remate meteu-se peón d' un  
albañil e tivo praza porqu' o mayestro vi-  
en Vazquez un rapaz de moita aquela e que  
poidera ser qu' o mesmo recebera á unha  
parede qu' unha *cousa* calquera.

Era custión de ter boa mau.

E debeu tela, pois ó pouco tempo as ma-  
las fadas que deberon xugarlla, botáronlle  
certas inculpacíos, e falaron as veciñas  
marmularon, é de conto en conto parés qu'  
alguna nena tivo que sentir, ó certo  
que Vazquez non podendo desengredellir  
ó novelo vendeu á sua sorte de soldado  
por unhos ichavos fuxindo pra Cracovia  
alistándose n' o regimiento de Gerona qu'  
d' aquela estaba ali, pra sair moi logo pra  
San Sebastian.

E eiquí entra á verdadeira vida d' O Chiquito de Betanzos, meu veciño é amigo.

Xa n' este punto atopou un amigo/ por  
un amigo así á bendita de Dios, non sempre  
ó atopa, soldado com' el d' o regimiento  
que debía de ter moita influencia, posto  
que pol-a sua recomendación entrou Vaz-  
quez á tocal á pandeireta n' a mísica, come-  
bó mariñán, pandeireta que vos era com'  
roda d' un carro, pol-a baixa.

Canto él non ripinicaba á mísica! Da-  
ba xénio de ver os xiros que pol-o aire  
facia! Dend' o cruto d' o pescozo hastas os

nocelos andaba á pandeireta, qu' era un milagre... Así é, que n' aquela capital d' Provincias era ó betanceiro Vazquez ó mozo d' as festas e fuliadas, tanto é así que si gaita houbera n' o regimiento él sería que debía repinicála sacando d' aquel punteiro os menancólicos aires d' esta terraña mariñau...

Eiqui en San Sebastian era ó nenio mimado de todolos xefes e oficiás, tanto é así que hasto o mesmo xeneral qu' estaba d' aquela u' a praza levábao á xantar co el moitas veces, dándolle lado com' o principiante os mais dino d' a terra.

El n' a nosa doce fala, contaba seus contos, seus amores, seus riveses de fortuna, e d' un pouco de pimento picante é outro pouco d' alegria, facia unha hestoria qu' escachaba c' a risa.

De San Sebastian pasou á Vitoria, tan soldado como era d' enton, non porque non merecara galos, qu' outros teñenos hoxe con menos razón, sinón porquen nunc' os quixo. Ali enfermou d' a vista, non sabemos de resultas de que, pr' ó certo é que enfermou, é xá cativo, sin forzas materiais dironlle licencia pra que viñese á Betanzos, n' o ferrocarril que d' aquela había — as pernas — montadío n' a crús d' os pantalós. Pouca pouco, como pode vir un home, chegou á Vaamonde, cuase cego, ond' á cua-sellidá deparoumo c' un coche onde iba un señor, señorito pol-o roupare, é que resultou ser un sobrino d' o cardenad, de boa memoria, D. Rafael Velez; é como queira qu' este iba hasta Betanzos, é falando, contando contos, hestorias, meiguerías e cousas d' a clás, como é costume en Vazquez á total-as horas d' o dia, depricatarse debou ó mozo de qu' *O Chiquito*, alomeando ó sol d' a gracia que tiña, a sombra que proyectase non debia de ser pequena. E pensouno ben, tanto é qu' o convidou pra que viñese á Betanzos n' a sua compañía, tanto lle caera en simpatia.

Vazquez foi n' o coche, feito un señor...

Xa cerca de Guitiriz, dixo Velez, falando en bó castellano, ó ver unhos campos checos de repolaxe:

— Que es lo que está sembrado en esos campos?

— Señor, sonlle nabos, respondeu Vazquez.

— Nabos? Y para qué sirven?

— Pra moitas cousas; n' esta terra de Lugo, elle ó nabo ó principalño de todo. Sin nabos non se comprende que en Galicia houbese unha provincia como Lugo.

De conto eu conto, tonando eiqui unha balosa de pan trigo, de millor clás qu' ó de monición, aló un vaso, é acolá unha copa e outras de *precalina*, chegaron á Guitiriz onde pasaron á noite, durinindo Vazquez

cabo d' o parente clerical que en sonos relembrab á montañesa rapaza, boniteira e alegre com' as Pasceas, que lle sirvira á cea aquela noite. Esta — á noite — presentouse com' a boca d' os lobos que vos hay n' a comarca...

Velez durinía com' un lirio, e ó mesmo xente qu' ó acompañab, naméntralas Vazquez, que debía ter ó espírito u' o corpo ergueuse d' o leito aparecendo pol-a mananha cabou d' a montañesa, que sin dúbida por ese arte qu' agora chamou d' a sugestión, debeu d' atraelo á su veira. O conto foi qu' á facer á patrona as contas, cobrou os contos que Vazquez contara aquela noite d' o Señor; pro Velez pagou, e conto calado, porquedo Vazquez xa non era *quinto*, sinón soldado vello é gallego por añadidura d' as Mariñas.

Por fin chegaron á Betanzos, ond' á cregaxe toda saíra á recibir ó parente d' o Arcebispou, é Vazquez ó ver tanta xente de negrura, acostumado á ver colorís, botouse fora d' o coche, parbo é sin sentido. Os cregos o reparar que saia un soldado quedaron estupefautos.

Naide saiu á esperar á Vazquez; chegou á sua casa é non atopou leito donde deitarse nin xantar que xantar, y enfermo, cego cuásse, pro con bon humor sempre, co-alegría n' as entretelas d' a-yalma recordou á sua pandeireta é as inuiñeiras que tocaba en San Sebastian é Vitoria.

¡Canto ben me queren! dixo pra si, arrenegando d' a sua sorte, pois pensaba, com' o mûseco que nos retrata Campoamor n' o seu poema *A lira rota*, alcanzalá groria d' o arte divino, e chegar onde chegan outros con menos razón é motivo.

E ó ver os horizontes d' a sua vida cheos de negrura, por un lado á disgracia é pol- ó outro á mala sombra d' a sorte, cantando alegrías con bágoas, meteuse pión d' albañil ganando doce cartos diarios, é ascendendo, ascendendo, dececido á caerse d' a escala ou d' o andámeo quería ver á sua sorte antes que morrer de fame.

Pro, como se li' acordasen ó millor d' o mundo — as mulleres — montando, como sempre n' a crus d' os pantalós, foi á Lugo á ver unha nena que deixará o seu paso por ali. E fixoa boa, pois indo sin cédula persoal, detibéronno é levaronno cabo d' o alcalde, pro este ó ver á carantonha d' *O chiquito*, chea de gracia, comprendeu ó mozo qu' era de deixouno en paz é groria n' a sua liberá...

Volv' á Betanzos e sin oste nin moste, por arte d' o mesmo demo, anamoricasen con unha nena d' o pobo, que todos cofiocean, é finxe un casamento co-ela u' a parroquia de Santiago, que lle houbo de custar desgustos.

E saliu ben d' o lio porque Diol-óquixo.  
O pouco tempo d' allasfil deronll' ó em-  
preyo de tambor d' a ciudad.

Por esta época, n' había festa de Carna-  
vals onde non se contase c' O chiquito, ó so-  
brino d' a tia *Carabillas*.

El éravos ó todo d' as fuliadas é festas  
de Betanzos: á socieda *Liceo d' Artesanos*  
dotille, por algunos anos ó cargo de sermo-  
nistia n' a morte d' o Antroido; é alí era  
onde había que oubir á Vazquez: o final e  
remate d' o seu discurso esperábanos un  
par de contos que nos facian escuchar co-á  
risa, contos d' a sua vida militar, por mais  
que nunca tirou un tiro.

Dempois de tambor foi nomeado comi-  
sionario d' apremio, facend' un tipo como  
verdadeiramente retratou Alfredo Brañas  
n' as columnas d' a *GALICIA HUMORÍSTICA*.

C' á sua lábia desfacia mil entortos, y  
entre contos é historias embargaba é dár-  
base ó pisto de militar que estivera en San

Sebastian é Vitoria.

Foi algun tempo carteiro d' a vila.

Pro como Vazquez non estaba satisfeito  
d' a sorte, fuxiu ó Ferrol donde estivo al-  
gun anos de mozo de confianza d' unha  
factoría d' utensilios: é equi n' este pobo e  
tan nomead' o *Chiquito*, que n' hay home  
d' o seu tempo que non faie d' os seus  
chistes é argalladas. Fale aquela rapaza  
que respondía ó nome de *Frasquita*.

Hoxe n' a utilidad, vello é asmático,  
inda non perde d' as suas é buscanno todos  
pra escutar os contos é historietas qu' él  
argalla: é pol- o Antroido, inda hoxe, for-  
ma Vazquez parte prencipal n' as compar-  
sas é festas.

Ten vello o corpo, pois os anos tranno  
cangado; pro ten un corazón de neno, ond'  
élegria sempre loce.

¡Saude a-o tipo d' as Mariñas! o vello-  
mozo festexeira á quien chaman *O Chiquito*.

*Fernando García Acuña.*



(1) Este texto, da autoría do poeta e xornalista local do século pasado Fernando García Acuña (1861-1895), foi publicado en *Galicia Humorística*, revista quincenal que saía en Santiago de Compostela polo 1888 (t. II, nº 1, páx. 24-25) dirixida polo poeta Enrique Labarta Pose, alcumado o «Quevedo galego». Nesta mesma revista publicou Fernando tamén algún poema que xa recollera no seu libriño de poemas bilingüe *Orballeiras* (Impr. de Castañeira, Betanzos, 1887), obra que cumpría reeditar agora que se cumpre o centenario da súa publicación, máxime sendo Fernando García Acuña un dos escasos poetas locais que chegou a publicar a súa obra por ser un personaxe a recuperar do esquecemento —recuperación xa escomenzada por Vales Villamarín e J.A. Miguez— polo seu importante labor de precursor e animador da prensa local.

Ao ano seguinte de publicarse en *Galicia Humorística* o presente texto, o semanario local *Las Riberas del Mendo* (nº 59, 16-III-1889), dirixido precisamente por F. García Acuña, insertaba unha nota necrolóxica —seguramente da autoría do propio Fernando— de José Vázquez «O Chiquito», quen desempeñaba a praza de «bedor» do concello, e que non nos resistimos a transcribir. Di así:

## DON JOSE VAZQUEZ

*Ayer tarde falleció, este popular paisano nuestro. Hombre honrado y laborioso, deja sumida en el mayor desconsuelo á su apreciable familia, y á sus múltiples amigos, que le estimaban en lo que valía.*

*A pesar de los terrible de su enfermedad no perdió su buen humor aún en los momentos más críticos. Entusiasmado por el sentimiento patriótico y por su amor á los descubrimientos científicos preguntó á su yerno nuestro buen amigo el teniente D. Eugenio González que noticias había de Peral. ¡Y esto, pocas horas antes de morir!*

*El pueblo de Betanzos como el de Ferrol, donde era conocido por «el chiquito», le daba muestras de afecto y sin duda alguna lamentan pérdida tan sensible.*

*Hoy debe verificarse su entierro que promete estar concurridísimo, y á el no faltaremos nosotros, tributando así la última muestra de simpatía á nuestro convecino.*

*A su familia, aconsejamos lo que aconsejarse pueda en estos momentos: conformarse con la marcha inevitable, lógica de la naturaleza. La materia pasa por diversas transformaciones y esa es una. La iglesia católica, lo dice «polvo eres y en polvo te convertirás».*

*Reciba la expresión mas sincera de la parte que tomamos en la pena que le embarga.*

*La Redacción.*

O texto que recuperamos hoxe —e que respeitamos enteiramente na súa grafía— é non só o único texto galego en prosa que publicou Fernando García Acuña senón unha das poucas mostras de prosa galega publicadas no século XIX. Ademais de ser pouco coñecido —coidamos que nunca foi reeditado— ten para nos o interés de retratar con sinxeleza e frescura a un tipo popular betanceiro, «O chiquito», revivindo as súas curiosas andanzas, amosando a linguaaxe das Mariñas e certos detalles costumistas da nosa vila.

Xesús Torres Regueiro

